

# Belagua

*Edición bilingüe*

Tradución ao castelán: Estefanía Busto Dopazo

1.<sup>a</sup> edición: novembro 2017

© 2017, Alberte Momán

© 2017, Belagua Ediciones y Comunicación, S.L.  
r/Uruguai, 2-3º D - 36201 Vigo  
[www.belaguaediciones.com](http://www.belaguaediciones.com)

© Fotografía da cuberta: Ricardo Grobas

ISBN: 978-84-946959-3-3

Depósito Legal: VG 656-2017

Todos os dereitos reservados. Esta publicación non pode ser reproducida, nin en todo nin en parte, nin rexistrada en ou transmitida por un sistema dhhe recuperación de información, en ningunha forma nin por ningún medio, sexa mecánico, fotoquímico, electrónico, magnético, electroóptico, por fotocopia ou calquera outro, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

*Tripas*

Alberte Momán

Belagua

## ARRABALDE DE SILENCIO

*A verdade é que non leo, senón que petisco co bico unha fermosa frase e métoa na boca, zugo nela coma se fose un caramelo, sórboa coma unha copíña de licor e chúchoa coa lingua ata que se dissolve nela coma o alcol, e unha vez disolta chega un momento no que non só me alcanza o corazón e o cerebro, senón que circula polas miñas veas ata as raíces mesmas dos vasos sanguíneos. (...)*

*Unha soidade demasiado ruidosa. Bohumil Hrabal*

**I**

Mentres sobre a mesa se acumulan os papeis,  
daqueles que pasan pousando a súa pesada carga de días,  
de anos de abandono á mesma causa,  
cega, submisa e anicada cos brazos en cruz,  
como a xustiza,  
dou en matinar  
e fágoo lembrando o cheiro daquelas mazás da infancia  
sobre palla, en caixas de madeira colocadas en liña  
nun lateral do cuberto, onda o carro, o arado e demais apeiros.  
Aló polo 1970, instaláranse naquel lugar,  
ao pé dunha maciñeira de *príncipe*,  
as súas preferidas.  
Porén, as *tabardillas* acumularan,  
co paso dos anos, máis sona.  
Mais ao chegar setembro,  
no que aquelas pequenas manchas verdes comezaban a arroiabar,  
unhas mans secas e engurradas  
preparaban os leitos, sobre madeira,  
no que repousarían o resto do ano.

## II

Un pequeno papel amarelo  
sobresae de entre unha morea.  
Os bordes negros indican que,  
canda ese,  
houbo outros,  
unidos por unha fina e feble liña de cola,  
e que cada un deles servira para escribir  
sobre o inmediatamente posterior,  
repetindo sempre a mesma historia.  
Voltaire mencionou os efectos dun terremoto,  
en Lisboa, no 1755.  
Lino nun papel amarelo  
como aquel que sobresae de entre a rima.  
A relevancia daquel feito,  
perdeuse despois de anos  
de reconstrución,  
sen ficar na memoria colectiva.  
Sobre un papel vello e denegrido,  
como aquel que describira o terremoto de Lisboa,  
como esta esquina engurrada que asoma,  
redactáronse os destinos  
dos anónimos que morreron,  
represaliados,  
despois de cada conflito.  
Recoloco, ordenadamente,  
cada un dos papeis que repousan sobre aquela esquina,  
sen retirar a vista.

### III

No 1917, Richard Huelsenbeck  
volvía a Berlín,  
do Zúrich do Cabaret Voltaire,  
para escribir letras brancas  
sobre un papel en negro,  
agardando a operarios e operarias  
á saída das factorías.

Centos de mans voluntarias,  
prestaran a súa dotación,  
dun papel racionado,  
para aquela tarefa.

Moitos e moitas eran as que lían  
mentres Huelsenbeck tomaba distancia  
coa súa bicicleta.

No 1970,  
mentres ás aforas dunha vila galega,  
mesmo ao pé dunha maciñeira de *príncipe*,  
mans destras recollían o pomo turxescence  
colocándoo sobre leitos de palla e madeira,  
Huelsenbeck volvía a Suíza,  
asegurando un *epbur si muove* dun Dadá  
exsangüe.

#### IV

Na escuridade dun soto de Praga,  
Hant'a agarda por moreas de papel,  
que prensa incansable.  
A súa pel fica prendida  
polas letras que se adhiren  
ás superficies húmidas.  
Estendo as mans diante do rostro  
e miro as pequenas feridas,  
nas que os bordes do papel afondan,  
reiteradamente.  
Cada fisgoa,  
decórase por unha mancha irregular  
de tinta.  
Detéñome a ver como esta penetra  
en cada ferida.  
Frego as mans diariamente,  
coa mesma peza de xabón  
tinguida da cor das miñas mans  
ao final de cada xornada.  
Salvo nas fendas sobre a pel,  
o negro sobre as mans  
pérdese polo sumidoiro.  
Agardo un instante  
e volvo ao traballo.  
Nalgunha parte do mundo,  
hai máquinas que fan a mesma tarefa  
sen deixar no baño,  
sobre a pía, o xabón  
e a toalla que pendura dun gancho da parede,

*Tripas*

as pegadas,  
coa tinta que aínda cobre as engurras  
das miñas falanxes.



**V**

Despois de máis de corenta anos,  
a maciñeira sucumbiu polo paso dunha autoestrada.  
Non quedou máis da súa presenza,  
alén dunha silueta,  
deformada polo tempo,  
na memoria dos que alí viviron.  
Aínda hoxe se discute  
pola súa localización exacta,  
a estrutura  
e ramificacións principais.  
Nun antigo documento de expropiación,  
como un elemento máis dunha longa lista,  
seguido dun valor económico,  
aínda se atopa unha leve referencia  
que demostraría que aló,  
baixo aquel perfil de asfalto,  
repousan as raíces,  
se cadra aínda algunha mazá  
que vence á descomposición,  
daquel fragmento de historia.